

MARÉ

AELG ■ Este ano serán 'Bos e Xenerosos' os municipios comprometidos con este galardón de novela longa

Homenaxe aos concellos do premio Blanco Amor

A homenaxe *Os bos e xenerosos*, organizada pola Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) dedicarase este ano aos concellos que participan no desenvolvemento do Premio Blanco Amor de Novela Longa.

O recoñecemento farase efectivo nun acto no Museo do Pobo Galego, en Compostela, que comezará mañá ás 12.00 horas cunha actuación do músico Xavier Díaz.

Intervirán o presidente da AELG Cesáreo Sánchez Iglesias, a secretaria xeral desta asociación Mercedes Queixas, que lerá a acta de concesión do premio, o escritor Francisco

Castro que fará a laudatio, o alcalde de Redondela, Xaime Rei, –primeiro concello que organizou o Premio Blanco Amor– e a concelleira de Cultura do Concello de Poio.

O concello de Poio, organizador do Premio Blanco Amor deste ano, recibirá a placa conmemorativa, e todos os concellos implicados no galardón levarán un diploma.

A homenaxe *Os bos e xenerosos* é un acto de distinción da figura dun escritor/a ou colectivo que contribuíse a unha maior difusión pública da cultura galega desde o compromiso vital con Galicia.

Os concellos patrocinadores da XXVIII Edición do Premio Blanco Amor de Novela son Ares, Carral, Mañón, Sada, Ferrol, Cerdido, Fisterra, Boqueixón, Moeche, Laracha, Pontedeume, Cariño, Ordes, Valdoviño, Ames, Arteixo, Betanzos, Boiro, Brión, Cabana de Bergantiños, Cambre, Carballo, A Coruña, Cedeira, Culleredo, Fene, Lousame, Melide, Mugardos, Muros, Narón, Neda, Oleiros, Pobra de Caramiñal, Ponteceso, Porto do Son, Ribeira e Santiago de Compostela.

Tamén Santa Comba, Vilasantar, Vimianzo, Teo, Lugo, Ribadeo, Monterroso, A Pontenova, A Fonsagrada, Burela, Barreiros, Triacastela, Palas de Rei, A Pastoriza, Navia de Suarna, Allariz, Boborás, Coles, Entrimo, Irixo, Oímbra Ourense, Ramirás Verín. Bueu, Caldas de Reis Cambados, A Estrada, O Grove Marín, Moraña, Pontevedra, Poio, Portas, Redondela, Soutomaior, Vigo e Vilagarcía de Arousa. ● MARÉ